

## Ensíname a rezar!

Jesús, mestre e amigo bo,  
ensíname a rezar como Ti o facías.  
Prepara o meu corazón e os meus beizos  
para dicir contigo: "Pai".

**Ti es o Deus Bo que estás no ceo**  
e na terra, preto de nós,  
acompañándonos e coidándonos  
moito e sempre.

**Axúdame a buscar momentos no día**  
para falar contigo, tranquilo,  
contándoches as miñas cousas, problemas e alegrías,  
con humildad, confianza e sen cansarme.

**Ensíname a facer silencio**  
para escoitar a súa Palabra.  
Ensíname a oír, entre o ruído que nos rodea,  
a voz do Pai que nos expresa o seu amor.

**Xesús, amigo bo, compañeiro de camiño,**  
ensíname a dicir o Noso Pai  
con fe, con ganas, con alegría e confianza,  
sabendo que Deus darme o que máis  
me convén, porque el é o meu "Pai".

Iglesia



**APAGA  
TU MÓVIL**



**No templo apaga o móbil, garda silencio,  
concéntrate, sé reverente porque ésta é a casa  
de Deus.**

**Antes da celebración: fala a Deus.  
Durante a celebración: deixa que Deus che fale  
a ti.**

**Despois da celebración: fala cos irmáns.  
Quen queira que sexas, Deus acóllete. Acóllete  
tamén ti.**

Evanxeo

16-outubro-2016

29º-Ordin-E

ORDINARIO-29

"Hai que orar sempre,  
con constancia"



**ORA sempre.  
NECESITAMOS orar!**

**ÉXODO 17, 8-13: *Mentres Moisés tiña en alto as mans, vencía Israel.***

Naqueles días, Amalec veu e atacou a Israel en Refidín. Moisés díxolle a Xosué: - «*Escolle uns cantos homes, fai unha saída e ataca a Amalec. Mañá eu estarei en pé na cima do monte, col bastón de Deuse na man*».

Fixo Xosué o que lle dicía Moisés, e atacou a Amalec; mentres, Moisés, Aarón e Xur subían á cima do monte. En tanto **Moisés tiña en alto as mans, vencía Israel**; mentres as tiña baixadas, vencía Amalec. E, como lle pesaban os brazos, os seus compañeiros tomaron unha pedra e puxéronlla debaixo, para que sentase; mentres, Aarón e Xur sostíñanlle os brazos, un a cada lado.

Así resistiron en alto os seus brazos ata a posta do sol. Xosué derrotou a Amalec e a seu pobo, a fio de espada.

*Palabra do Señor.*

**Sal 120: R/. O noso auxilio é o nome do Señor, que fixo o ceo e a terra.**

**2º TIMOTEO 3, 14-4, 2: O home de Deus sexa perfecto e estea preparado para toda obra boa.**

**LUCAS 18, 1-8: Deus fará xustiza aos seus elixidos que claman ante el.**

**Narrador:** Naquel tempo, Xesús dicíalles aos seus discípulos unha parábola **para ensinalles que é necesario orar sempre, sen desfalecer.**

**Xesús:** -«*Había un xuíz nunha cidade que nin temía a Deus nin lle importaban os homes. Naquela cidade había unha viúva que adoitaba ir dicirlle:*

**Viuda:** -«*Faime xustiza fronte ao meu adversario*».

**Narrador:** *Por algún tempo estívose negando, pero despois díxose a si mesmo:*

**Xuíz:** - «*Aínda que nin temo a Deus nin me importan os homes, como esta viúva estame amolando, voulle facer xustiza, non sexa que siga vindo cada momento a importunarme*».

**Narrador:** E o Señor engadiu:

**Jesús:** -«*Fixádevos no que di o xuíz inxusto; pois Deus, non fará xustiza aos seus elixidos que claman ante el día e noite?; ou les dará longas? Dígovos que les fará xustiza sen tardar. Pero, cando veña o Fillo do home, atopará esta fe na terra?*». **Palabra del Señor**

*(Narrador-Xesús-Viúva-Xuíz).*



**ORA sempre.**

**¡NECESITAMOS orar!**

**1. VER: mándoches un whatsapp...**

- Para comunicarnos cos pais ou amigos falamos, chamamos por teléfono, mandámoslle unha foto ou algo por whatsapp.
- Intentamos estar en permanente comunicación comentando o que nos pasa cada día.

***Que vos parecen os amigos cos que non nos comunicamos nunca? É posible chatear con Deus?***

**2. XULGAR: Necesitamos orar.**

+ **No** evanxeo deste domingo, Xesús explica aos apóstolos que deben **“orar sempre, sen desanimarse”**. E explícallo co conto da viúva que tanto insiste ao xuíz inxusto que lle faga xustiza que lle fai caso para que deixe de amolalo.

+ **QUE NOS QUERE DICIR XESÚS? Que sexamos persoas de oración.**

- **Que é orar:** é crecer en amizade, é falar con Deus, contarlle as nosas cousas, escoitar o que debemos facer, darlle grazas, pedir ...
- **Que hai que dicir?** Pódese orar con palabras confiadas que brotan espontáneas do corazón, con fórmulas aprendidas, ou desde un corazón que case esqueceu a fe ... Ou desde o silencio e a escoita ...

- **Como orar?**

\***Con insistencia:** Insistímoslle ao profesor, aos pais ...

\***Sen desanimarnos:** por non conseguir o que pedimos, ou porque parece que non nos escoita. Ora sen cansarte. Deus non ten a variñña máxica para que saiamos airosos de todos os problemas ...

**Necesita tamén da nosa colaboración.**

- **Por que necesitamos orar?** Porque El nolo mandou, porque temos a seguridade de que sempre nos escoita, porque ao mesmo tempo que pedimos algo tamén buscamos solucións, porque sabemos que **“Deus fará xustiza aos que lle suplican”**...

***Que nos está pedindo Xesús?***

**3. ACTUAR: Ora sempre**

- Acostumados a ter momentos fixos para rezar ao longo da semana.

- Intentade rezar algo tamén en familia, bendicindo a mesa, pedíndovos perdón ou dando grazas polo día.

- Participade xuntos en familia na misa de cada domingo.

- O máis importante é que toda a nosa vida sexa unha oración de comunicación con Deus.

- Debuxade en viñetas o Noso Pai ou a Avemaría.

***En que ides mellorar despois de ler este evanxeo?***